

**MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ
LETRAS GALEGAS 2018**

**María Victoria
Moreno Márquez,
Valente e forte,
Muller moi grande.**

**Compromiso coa lingua
E xustiza social,
Unha vida de conto,
Unha vida especial.**

**Letras Galegas
2018
De María Victoria
Aprendemos moito.**

**Ante os problemas,
Debemos medrar,
Como fixo sempre ela
Para na vida triunfar.**

En Estremadura,
nace esta escritora,
Corre que te corre,
Chega a Barcelona.

Gústalle as linguas
E catalán e francés,
estuda ben contenta,
Do dereito e do revés.

Lendo o Principiño,
E mais o Quixote,
Pasa moitas horas,
gozando a tope.

Logo en Madrid,
Estuda Filosofía,
Enche a súa mochila,
Día tras día.

Con Jose Luis Llácer,
Casa en Madrid,
E logo para Galicia,
marchan vivir.

Case toda a vida
Vive en Pontevedra
O interese por Galiza
Medra e medra.

Faise profesora
De Literatura,
Pero ensinar galego
É o que máis lle gusta..

Coñece a Xesús
Alonso Montero,
Con el colle forza
O compromiso galego.

**María Victoria
Moreno Márquez,
Valente e forte,
Muller moi grande.**

**Compromiso coa lingua
E xustiza social,
Unha vida de conto,
Unha vida especial.**

**Letras Galegas
2018
De María Victoria
Aprendemos moito.**

**Ante os problemas,
Debemos medrar,
Como fixo sempre ela
Para na vida triunfar.**

Comeza a escribir,
Con gran puxanza,
E abre en Pontevedra
A Librería Xuntanza.

Libros prohibidos
Pola censura,
Ela difundía
En prol da nosa cultura.

Gaña moitos premios
E recoñecementos,
Con Mar Adiante, Anagnórise
Ou O Cataventos.

Sempre escribindo
E sementando con amor
O interese por Galiza
Con valentía e paixón.

Morre o seu marido
E ela enferma, que mal!
Continúa escribindo
E faino sen parar.

Segue dando clases
Aos seus cachorriños
Traballando con eles
Está no paraíso.

Sempre pensou
Que tódalas persoas
Estamos feitas
Pra facer cousas boas.

Así o fixo
E así o transmitiu
Tal compromiso con Galiza
Poucas veces se viu.

**María Victoria
Moreno Márquez,
Valente e forte,
Muller moi grande.**

**Compromiso coa lingua
E xustiza social,
Unha vida de conto,
Unha vida especial.**

**Letras Galegas
2018
De María Victoria
Aprendemos moito.**

**Ante os problemas,
Debemos medrar,
Como fixo sempre ela
Pa
ra na vida triunfar.**